

DE REPETICIÓN

- **Anadiplose.** Repetición do último elemento dun grupo de palabras ao comezo do grupo seguinte:

...deixa que canten, Marica;
Marica, deixa que canten.

Rosalía de Castro

- **Anáfora.** Repetición da mesma palabra ou grupo ao comezo do verso:

Pedra dos tempos sen tempo,
pedra dun ollar sen ollos.

X. Lorenzo Varela

- **Epanadiplose.** Repetición dunha palabra ao comezo e final dun verso:

Tempo metido no tempo...

Alfonso Pexegueiro

- **Epífora.** Repetición dunha palabra ao final dunha frase ou dun verso:

Dende fai séculos loitan en Galiza
os homes cas ratas.
Vencendo sempre as ratas.

Luís Seoane

- **Polisíndeto.** Repetición de conxuncións que non esixe a sintaxe:

Cando esperare é ser onda de río
que corre, e bule, e vai, e pasa e ruxe...

A. Iglesia Alvaríño

DE ACUMULACIÓN

- **Enumeración.** Sucesión de palabras coa mesma función sintáctica:

Pasaban portais, tendas, teatros, cines, garaxes, cabarets, bancos, escritorios, cafés, bares, cervexerías, leiterías, almacéns...

V. Risco

- **Pleonasmo.** Acumulación redundante de termos innecesarios:

Pouco pode importarme
que a noite chore bágoas de orballada.

Darío Xohán Cabana

DE ALTERACIÓN DA CONCORDANCIA

- **Anacoluto.** Ruptura da concordancia gramatical (efecto ilóxico):

Porque o que quero é que me deixen en pace, que xa non aturo máis... e que, ¡pola nai que me pariu!

E. Blanco Amor

DE POSICIÓN

- **Hipérbato.** Alteración da orde lóxica das palabras na frase ou oración:

NA XERFA esvara o sol

Manuel Antonio

Figuras de pensamento (nivel léxico-semántico)

INTENCIONAIS

- **Lítote.** Negación do contrario do que se quere afirmar:

As almas escravas,
de ideas non grandes,
van pensando mil cousas femíneas...

Eduardo Pondal

- **Prosopopea.** Atribución de calidades humanas a outros seres:

...a lúa rompe a rir nunha gargallada.

M. Curros Enríquez

AFECTIVAS

- **Interrogación retórica.** Pregunta da cal non se agarda resposta:

Prometeo infeliz! Quen che daría
o aire, o sol, a braña, as flores certas
e a gándara que encanta a cotovía?

A. Iglesia Alvaríño

LÓXICAS

- **Antítese.** Oposición de elementos contrarios:

Eu son a voz do pobo,
que canta e ri con il,
a voz que chora.

Lois Diéguez